

PRESENTACIÓN MATERIA

MATERIA	FRANCÉS	CURSO	3ºESO
CURSO ACADÉMICO	2020-2021	PROFESOR	ANA REGO GARCÍA

APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS DO CURSO 2019-2020. BLOQUE 1

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe

As aprendizaxes imprescindibles do curso 2019-2020 están todas adquiridas. Os contidos pendentes de traballar corresponden ás unidades 5 e 6, que se irán desenvolvendo ao longo do curso segundo as necesidades.

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 1

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
B1.1 Estratexias de comprensión: mobilización da información sobre o tipo de tarefa, formulación de hipóteses sobre o contido...	SLEB1.1 Persevera no proceso de comprensión: saca conclusións, deduce e anticipa significados pola entoación e pola imaxe
B1.2 Tolerancia da comprensión parcial nunha situación comunicativa	SLEB1.2 Capta a información máis importante de mensaxes breves e articulados
B1.3 Perseveranza no logro da comprensión oral	SLEB1.3 Entende os puntos principais do que se lle di, nas que se utilice frases feitas e estruturas sinxelas e previamente traballadas
	SLEB1.4 Comprende nunha conversa informal, termos sinxelos do seu interese cando se lle fala con claridade e repetindo o dito
	SLEB1.5 Comprende nunha conversa informal preguntas persoais sobre asuntos educativos ou persoais sempre que se lle repita ou aclare.
	SLEB1.6 Identifica as ideas principais de presentacións cando as imaxes constituen grande parte da mensaxe

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 2

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe

B2.1 Estratexias de produción oral: planificación (identificación do contexto, destinatario, finalidade) execución (expresión da mensaxe con coherencia básica, compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou paralingüísticos)	SLEB2.1 Fai presentacións breves e ensaiadas e responde a preguntas breves e sinxelas
B2.2 Actitude de respecto cara a si mesmo e cara ás demais persoas	SLEB2.2 Desenvólvese en xestións cotiás facéndose comprender e seguindo normas de cortesía básicas
B2.3 Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de comunicación: saúdos, felicitacións, invitacións, conversa telefónica...	SLEB2.3 Participa en conversas informais breves
	SLEB2.4 Desenvólvese de maneira simple nunha conversa formal

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 3

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
B3.1 Estratexias de comprensión escrita: mobilización da información, formulación de hipóteses sobre o contido	SLEB3.1 Capta o sentido xeral de textos xornalísticos breves
	SLEB3.2 Identifica, con axuda de imaxe, instrucións xerais breves para a realización de actividades
	SLEB3.3 Comprende correspondencia persoal sinxela
	SLEB3.4 Entende a idea xeral de correspondencia formal no contexto persoal ou educativo
	SLEB3.5 Entende información específica esencial en páxinas web sobre temas relativos a asuntos do seu interese

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 4

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
B4.1 Estratexias de produción escrita: uso de modelos coñecidos para elaborar os propios textos	SLEB4.1 Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén contacto social
	SLEB4.2 Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica
	SLEB4.3 Escribe notas e mensaxes, respectando as normas de cortesía máis importantes
	SLEB4.4 Escribe correspondencia formal moi básica e breve



CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 5

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
B5.1 H aspirée Le groupe eu/oeu Les voyelles nasales (révision) Les mots en –ER La liaison Les consonnes finales Les voyelles nasales Les dipthongues	SLEB5.1 Produce intelixiblemente léxico e estruturas básicas e trazos fonéticos
B5.2 Uso das normas básicas de ortografía da palabra e da oración	SLEB5.2 Utiliza adecuadamente as convencións orais básicas e amosa respecto polas diferenzas culturais
B5.3 La lecture (genre littéraire) Les genres littéraires et les loisirs préférés des jeunes français Les transports en commun et personnels en France Carnaval en fête! Légendes et traditions bretonnes Vacances en France (hébergement) Reste en contact (portable, sur le net, réseaux sociaux...)	SLEB5.3 Pode explicar o proceso de produción de textos e hipóteses de significados a partir doutras linguas
B5.4 Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece	SLEB5.4 Valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe

<p>B5.5 Funcións comunicativas: narración e descrición de situacións presentes</p> <p>Exprimer ses goûts Demander et exprimer une opinion Comparer deux éléments Demander et donner des renseignements S'informer sur un horaire Donner un conseil Comprendre une annonce Exprimer la fréquence Comparer des quantités Montrer de l'intérêt pour quelque chose Exprimer le regret Exprimer l'espoir Exprimer la certitude Comparer des actions Protester Exprimer le but Exprimer la surprise Demander et exprimer l'accord et le désaccord Exprimer la cause Essayer de convaincre Poser des conditions Faire une hypothèse au présent Parler d'un journal Proposer son aide à quelqu'un et répondre Raconter quelque chose à l'imparfait et au passé composé S'informer sur la profession de quelqu'un et répondre Faire des projets pour l'avenir Parler des côtés positifs et négatifs de quelque chose</p>	<p>SLEB5.5 Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situación de necesidade inmediata da aula</p>
<p>B5.6 Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a alimentación</p> <p>La lecture La presse Moyens de transport Dans le train (lexique) À la montagne À la mer Types de musiques Instruments de musique Le journal Les métiers de la presse L'ordinateur Le portable</p>	<p>SLEB5.1 Produce intelixiblemente léxico e estruturas básicas e trazos fonéticos</p>



B5.7 Expresión da existencia / da cantidade/do espazo (repaso 2º)

C'est/ce sont

Les adjectifs indéfinis (quelques, certains, plusieurs...)

Le comparatif de qualité

Expression de temps (en, il y a, depuis...)

Le participe passé des verbes du 3 groupe

Le passé composé à la forme négative

Les verbes: dire, se souvenir, tenir.

Les pronoms indéfinis: tout le monde, personne

Exprimer la fréquence: tous, toutes les...

Le comparatif de quantité

Avant, après/devant, derrière

Il vaut mieux

L'accord du participe passé avec avoir

Verbes: entendre, envoyer.

Les pronoms personnels toniques et réfléchis

Les pronoms-en et -y

Le comparatif d'action

L'imparfait

Verbes pronominaux

Verbes: courir et ouvrir

Les pronoms personnels COD/COI

Les pronoms après les prépositions

Exprimer le but

Exclamationset interjections

L'hypothèse au présent

Le présent continu

Verbes: comprendre, suivre

Les comparatifs

L'emploi des temps au passé

Le passé récent

Les verbes d'opinion

Les verbes pronominaux

Les pronoms relatifs

La position de tout dans la phrase négative

Exprimer la durée

La forme passive

Le futur simple

La construction du verbe espérer

SLEB5.1 Produce intelixiblemente léxico e estruturas básicas e trazos fonéticos

CRITERIOS, ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os criterios son os contemplados no DOGA 86/2015 25 de xuño.

Realizarase alomenos unha proba escrita por avaliación.

Criterio de corrección e de valoración de exames

A ou as probas escritas terán un valor do 70% .

Na proba farase constar o valor de cada cuestión ou parte da mesma

Si se realizan dúas probas escritas, farán media para a nota da avaliación.

Nesa proba escrita haberá sempre: unha pregunta de comprensión oral (écoute), unha pregunta de comprensión escrita, unha pregunta de expresión escrita e as outras preguntas sobre léxico, gramática, ...

Valoración de probas orais

A comprensión e expresión oral ten unha gran importancia nunha lingua estranxeira. O alumno ten que intentar empregar unha linguaxe comprensible prestando atención a pronuncia, entoación e fonética. Non haberá unha proba oral específica e a nota neste apartado (baseada na observación) é de 1pt (0,5 comp. Oral e 0,5 exp. Oral) . Na valoración deste punto terase en conta a participación diaria nas actividades orais de aula, individuais ou de grupo e o esforzo individual para comprender e falar en francés..

Valoración dos exercicios

Os exercicios ou traballos realizaranse na casa e na clase. Son redacións , diálogos, actividades on line e outras realizados na libreta ou en folios a parte para entregar.

Valorarase a realización das actividades e a presentación das mesmos.

Os traballos ou exercicios que se realicen na casa deberán ser entregados na data fixada

Estes exercicios ou traballos (Comp.e Exp. escrita) supoñen un 10% da nota. (1pt)

Avaliarase este apartado mediante a observación diaria na clase, se non entregan algún traballo solicitado polo profesor, a puntuación que se restará dependerá do nº de traballos solicitados en cada avaliación (se son 2 (0,5 +0,5), se son 4 (0,25)...

Valoración das actitudes

O valor das actitudes é dun 10% (1pt). Para acadar este punto é necesario mostrar unha actitude positiva polo uso do francés, Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas básicas e amosar respecto e interese polas diferenzas culturais e traer o material solicitado. O instrumento para poder avaliar as actitudes é a observación diaria na clase.

Redondeo

Cando a nota final sexa unha cifra decimal redondearase sempre cara o número natural máis próximo. A partir do medio punto redondearase cara a nota superior en cada avaliación.

Para recuperar unha avaliación suspensa o alumno deberá superar a seguinte avaliación. No caso da terceira avaliación haberá unha recuperación para o alumno que a suspenda. A nota da 3ª avaliación será a nota final

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Farase un exame escrito, parecido ós feitos ao longo do curso e puntuado sobre 10. Nesa proba escrita haberá sempre: unha pregunta de comprensión oral (1,5pt), comprensión escrita (1,5pt), expresión escrita (1,5pt) e as outras preguntas sobre léxico, gramática e comunicación (4pts). Tamén constará dunha pequena proba de expresión oral (co examinador ou entre dous compañeiros) (1,5pt).

Este exame escrito puntuarase sobre 10. A partir do medio punto farase un redondeo cara a nota superior.

AVALIACIÓN DE PENDENTES

Os contidos exixidos son os correspondentes os contidos mínimos do curso a recuperar.

Os alumnos con francés suspenso deberán realizar tarefas e exercicios adaptados ás súas necesidades. Estos exercicios serán os mesmos ou parecidos ós do curso que suspenderon e sacados do libro do alumno ou do cahier d'activités Entregaránselles por trimestre, de tal xeito que se os realizan correctamente conseguirán 3pts (1pt por trimestre) . O seguimento dos alumnos suspensos quedará reflexado na ficha do profesor e nas actas de departamento.

Todos os alumnos con francés suspenso do curso anterior, aparte de entregar os traballos mencionados anteriormente, teñen varias posibilidades para superar a materia:

-Presentarse ás probas de avaliacións cos alumnos do curso suspenso e se as superan terán a materia aprobada. Puntuarase segundo as normas do curso.

-Presentarse no mes de maio ao exame de pendentes con toda a materia Terán que facer o exame de maio todos os alumnos que non se presenten por avaliacións, ou aínda presentándose non acadaron o aprobado. Con este exame conseguirán un 70% da nota xa que o outro 30% é o do traballo que entregaron por trimestre.

-Se se esforzan e superan a materia do curso superior, terán desta forma tamén aprobado o curso anterior que estaba suspenso.

a. Como se elabora a cualificación final.

O 70% da nota é o exame escrito e o 30%, os exercicios entregados por trimestre. A partir do medio punto farase un redondeo cara a nota superior

b. Que tipo de proba extraordinaria se vai aplicar, número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.?

Farase un exame escrito, parecido ós feitos ao longo do curso e puntuado sobre 7. Nesa proba escrita haberá sempre: unha pregunta de: comprensión y expresión oral (1pt), comprensión escrita (1pt), expresión escrita (1pt) e as outras preguntas sobre léxico, gramática e comunicación (4pts).

PROMOCIÓN

METODOLOXÍA



- **Presencial**

non propoñemos utilizar un enfoque metodolóxico único e si garantir o equilibrio entre as destrezas de expresión oral , comprensión oral, comprensión escrita e expresión escrita. Así as destrezas comunicativas que os alumnos desenvolvan serán produtivas e receptivas.

Traballaremos fundamentalmente co método "Tous ensemble 3".(CD, DVD de secuencias didácticas, cancións...)

A metodoloxía empregada será unha metodoloxía comunicativa e activa, centrada fundamentalmente no alumno/a, realizaranse tarefas individuais, en parellas ou grupos de traballo que ó mesmo tempo potencien a comunicación e interacción entre os alumnos. Realizaranse unha gama variada de actividades que resulten motivadoras e atractivas para o alumnado.

Os métodos pedagóxicos adaptaranse as características dos alumnos, favorecerán as capacidades de aprender por se mesmos e introducirán os recursos das tecnoloxías da información e das comunicacións na aprendizaxe.

- **Semipresencial**

1)**Confinamento de toda aula:** Traballarase coa aula virtual. consiste nunha serie de tarefas que se colgarán na plataforma asociadas a cada unidade didáctica, que o alumnado realizará individualmente e entregará nos prazos fixados. Serán tarefas nas que se traballarán a comprensión oral/escrita, a expresión oral/escrita e a gramática.

2) **Confinamento de algún alumno por corentena, entre outros:** seguirá as indicacións que fixe o profesor na aula virtual.

3)**Resolución de dúbidas** : por medio da plataforma.

4) **Probas escritas:** faranse preferentemente de forma presencial, cando sexa posible. Empregaranse os criterios de avaliación establecidos na programación, salvo que as autoridades educativas regulen outra cousa.

- **Non presencial**

Traballarase coa aula virtual do mesmo modo que no ensino semipresencial. En canto ás probas escritas seguiranse as indicacións que establezan as autoridades educativas.

Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática:

Cada semana un familiar terá que vir o centro a recoller o traballo establecido para ese período de tempo e entregará as actividades

encomendadas da semana anterior, se procede. As dúbidas, resolveranse por medio telefónico no horario que indique o profesor, o teléfono do IES a Pinguela.

No caso de estar todos confinados, profesores e alumnos , para levar a cabo o seguimento do alumno, o profesor poñerase en contacto co alumno (chamada telefónica no horario fixado para resolver as dúbidas. Si se considera preciso o profesor tamén chamará o alumno por teléfono).